

## CONVOCATORIA DO PLAN DE PROMOCIÓN DE PROFESORADO ASOCIADO CO TÍTULO DE DOUTOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2024/25 (Consello de Goberno de 24 de xaneiro de 2024)

### 1. Obxectivo

A presente convocatoria ten como obxectivo a realización dun proceso selectivo para a promoción á figura de Profesorado Axudante Doutor de persoal que durante os últimos anos ocupara con desempeño positivo prazas de Profesorado Asociado na Universidade de Vigo, e que ostente o título de doutor/a.

### 2. Número e procedemento de creación de prazas

Seleccionaranse 5 profesores/as Asociados/as, aos que se recoñecerá o dereito a promoción a unha praza de profesorado Axudante Doutor, e convocaranse as prazas correspondentes no concurso de profesorado para o curso 2024/25.

Cada unha destas prazas estará adscrita ao campus onde se dean as necesidades docentes básicas que xeran a praza, e a convocatoria correspondente rexerese polo baremo específico acordado para as prazas de promoción e estabilización de persoal contratado pola Universidade de Vigo.

### 3. Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido, e cumprir os seguintes requisitos a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Estar en situación de servizo activo como Profesor/a Asociado/a na Universidade de Vigo.
- Ter sido contratado como Profesor/a Asociado/a na Universidade de Vigo durante os 3 anos anteriores de forma ininterrompida, e durante polo menos 7 anos no últimos 10 anos.
- Ter o título de doutor/a cunha antigüidade mínima dun ano.
- Estar adscrito a unha unidade docente na que a diferenza entre a carga docente básica e a capacidade docente básica sexa igual ou superior a 240 horas. Neste cálculo non se computará o PDI que se xubile forzosamente antes do comezo do curso 2024/2025, ou ben nos tres cursos académicos seguintes.

### 4. Selección

A selección das persoas que xerarán unha praza será realizada pola Comisión de Ordenación Académica e Profesorado da Universidade de Vigo, delegada de Consello de Goberno, entre as persoas que cumpran os requisitos sinalados.

No caso de que o número de solicitudes supere o número máximo de prazas ofertadas, as solicitudes atenderanse en base ao curso no que a unidade docente correspondente alcance o déficit de a lo menos 240 horas e, dentro de cada un deles, en base á ratio crecente entre capacidade docente básica e carga docente básica.

No caso de producirse un empate na aplicación do criterio anterior, utilizaranse os seguintes criterios de desempate, pola orde en que se presentan, e computados á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Antigüidade como Profesor/a Asociado/a na Universidade de Vigo.
- No caso de persistir a igualdade, maior nivel de rango de acreditación, no caso de que os solicitantes contasen coa acreditación a algunha figura.
- No caso de persistir a igualdade, data de obtención da acreditación que se valorase coo desempate segundo o criterio anterior.
- No caso de persistir a igualdade, antigüidade na obtención do grado de doutor/a.
- No caso de igualdade a corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente.
- No caso de persistir a igualdade, resolverase a favor da persoa de maior idade.



Quen sexa solicitante terá un prazo de 5 días hábiles para formular as súas alegacións, a partir do día seguinte á publicación da resolución provisional.

Resultas as reclamacións ou alegacións, a Comisión de Ordenación Académica e Profesorado fará pública a resolución definitiva.

## 5. Formalización das solicitudes e procedemento:

As solicitudes dirixiranse á vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica segundo o modelo que se achega como anexo a esta resolución xunto coa copia da resolución de acreditación correspondente.

A publicación no rexistro xeral da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 39/2015. Simultaneamente publicaranse na páxina web institucional da Universidade de Vigo.

## 6. Lugar e prazo de presentación:

As solicitudes, xunto coa documentación correspondente presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER, e co asunto "**Promoción de profesorado Asociado curso 24/25**", ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o **22 de marzo de 2024 (incluído)**.

## 7. Protección de datos:

Os datos recollidos en calquera solicitude relacionada con esta convocatoria teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo de acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos dereitos dixitais (BOE número 294, de 6 de decembro), formando parte do ficheiro de Persoal, cuxa finalidade é a xestión do persoal da Universidade de Vigo, xestión da docencia e investigación, xestión da participación do persoal nos servizos e actos regulamentados na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da universidade.

As persoas que presenten as solicitudes de acordo a esta convocatoria deberán marcar no momento de realizar o trámite se están de acordo ou non en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e publicados na páxina web institucional da Universidade de Vigo e no rexistro xeral. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente en Vigo,  
O REITOR  
Por delegación (R.R. 20/04/2023)  
O vicerreitora de Profesorado e Ordenación Universitaria,

Patricia Valcárcel Fernández

